



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a regulación das Vivendas Uso Turístico (VUT).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco legal que regula as Vivendas de uso de Turístico (VUT) en Santiago de Compostela vai sufrir importantes cambios nas próximas semanas.

Se imprescindíbel se fai abordar a problemática actual que envolve ás VUT, imprescindíbel é facelo do xeito correcto e xusto, evitando un “peche en falso” da cuestión, e minimizando certos prexuízos que a nova regulación pode provocar.

As Vivendas de Uso Turístico estaban xa reguladas polo Plan Especial de Santiago de Compostela do ano 1997. Réxense tamén polo RD 12/2017, que a Xunta de Galicia aprobaba en 2017 , polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico (VUT) en Galiza, creando o goberno galego o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Galiza (REAT).

A responsabilidade da actual situación recae sobre a Xunta de Galiza ao xerar unha situación de inseguranza da que as persoas prexudicadas son as/os propietarios deste tipo de vivendas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Acreditamos na necesidade de regular as Vivendas de Uso Turístico en Santiago de Compostela para rematar coa inseguranza xerada principalmente polo actuar unilateral do goberno galego neste tema ao crear unha “falsa percepción” da legalidade; e acreditamos na necesidade facelo de xeito que se provoque o menor prexuízo posíbel a aquelas persoas propietarias que cumpran coas esixencias legais e fiscais para desenvolver esta actividade.

Desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos a necesidade de que no novo marco legal que entrará en breve en vigor, se abra unha “xanela” que permita que os titulares de Vivendas de Uso Turístico (VUT) en funcionamento con carácter previo ao mes de marzo de 2021, e inscritas con dita antigüidade no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT), poidan presentar a Comunicación previa de inicio de actividade e, nese caso, podan optar porque lles sexa aplicado o planeamento municipal vixente no momento da súa alta no REAT.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar un papel proactivo na solución da problemática xerada no relativo as Vivendas de Uso Turístico en Santiago de Compostela, para o cal trasladaralle ao goberno local a necesidade de que no novo marco legal que regulará na cidade as VUT, inclúa unha disposición na que se estableza un período de 8 meses a contar desde a entrada en vigor desta modificación puntual do PXOM para que os titulares de Vivendas de Uso Turístico (VUT) en funcionamento con carácter previo ao mes de marzo de 2021, e inscritas con dita antigüidade no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT), poidan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentar a Comunicación previa de inicio de actividade e, nese caso, podan optar porque lles sexa aplicado o planeamento municipal vixente no momento da súa alta no REAT. Así como, que o Concello de Santiago quedará suxeito á aplicación do devandito planeamento.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Alexandra Fernández Gómez
Deputada e deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/12/2022 09:42:39

Alexandra Fernández Gómez na data 26/12/2022 09:42:43

Daniel Pérez López na data 26/12/2022 09:42:55

